

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 14/10/2020  
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

**SECRETARIO/A**

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 14/10/2020 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05-oct-2020, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2020/3413**

Dáse conta do Convenio asinado con D. Wenceslao González Garra González e Dona Celia Gonzalez Perez, para aluger por 2 anos (2020-2021) dunha finca situada en Rúa Alfredo Brañas nº 5, cunha superficie de 8.544 m<sup>2</sup>, con referencia catastral 8748904NH184N, para aparcamento, por importe de 1.200,00€ ó ano, con cargo á partida 133.200, actuando como xestor dos bens dos propietarios D. Avelino Barreiro Moroño.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio tal e como figura redactado.

### **PRP2020/3642**

Dáse conta do escrito de Portos de Galicia, solicitando documentación para facturación Taxa CIS ano 2020 relativa a concesión administrativa "construcción centro cultural veciñal da parroquia de sobrán e instalación de adestramento do remo e almacenaxe de embarcacións no Porto de Vilaxoán, no que solicitan o seguinte:

Documentación acreditativa do importe neto da cifra anual de negocio da actividade desenvolvida no porto ao amparo do título, declarado no exercicio 2019, sendo o importe neto da cifra anual de negocio o establecido no Plan Xeral de Contabilidade vixente, atendendo en cada caso a natureza ou forma xurídica de cada empresario.

No suposto de ue se trate dunha actividade comercial, industrial e/ou de servizos acollido ao réxime de estimación obxectiva singular por módulos, deberán remitir a copia do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) do ano 2019.

O titular está obrigado a levar unha contabilidade separada e independente da xestión das instalacións, levando contas separadas con respecto a outras posibles actividades que poida ter noutros ámbitos. Nelas, deberá reflectirse claramente o balance de ingresos e gastos xerados pola actividade obxecto do título administrativo.

Pola Xunta de Goberno Local, faise constar que a maior parte do edificio está dedicado ao almacenaxe de embarcacións e adestramento do remo, e a parte restante na que existe unha cantina non está explotada polo Concello, polo que carece de datos sobre os ingresos.

A Xunta de Goberno acorda remitir o escrito de Portos de Galicia a Asociación de Veciños de Vilaxoán para que indiquen no prazo de dez días a facturación da cantina e unha vez aportada a documentación correspondente será remitida a Portos de Galicia aos efectos da facturación.

#### **PRP2020/3643**

Dáse conta do escrito presentado por D. Javier Gondar García sobre a necesidade de reforma das beirarrúas na Avda. Agustín Romero, concretamente no tramo comprendido entre os números 9 e 15, debido á estreitez das mesmas, así como a modificación da sinalización horizontal.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a citada vía pertence ao trazado da PO-301, titularidade da Xunta de Galicia, polo que a Xunta de Goberno Local acorda remitir o escrito presentado ao Organismo titular da estrada.

#### **PRP2020/3644**

Dáse conta da solicitude de Star Planning SLU de autorización para reparto de folletos o día 9 de outubro, en horario de 12:00 a 12:45 e de 18:00 a 18:45 horas, nas rúas Alcalde Rey Daviña, Baldosa, Valentín Viqueira e Méndez Núñez.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2020/3645**

Dáse conta de Setenza nº 158/2020, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado 231/0217, promovido por D. Joaquin Antonio Rubio Lemiña, en relación con sanción de multa de 40 € por estacionamento en zona azul superando o límite horario indicado no comprobante, que estima o recurso presentado polo Sr. Rubio Lemiña contra a resolución de 31 de maio de 2017 desestimatoria do recurso de reposición presentado fronte á resolución de 17 de xaneiro de 2017 polo que se lle impuxo a sanción, anulando as resolucións impugnadas, revocando a sanción de multa e condenando ao Concello ao reintegro da cantidade aboada.

Así mesmo condena ao Concello ao pago de costas do proceso, por un importe máximo de 100 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda a dar cumprimento da citada sentenza.

#### **PRP2020/3648**

Vista a Proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sobrino G SA para o subministro de 10.000 máscaras respiratorias tipo FFP2 para o persoal municipal, por un importe total de 7.900 € (IVE exento), con cargo á partida 920.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/3649**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a publicación do libriño "Anaco 4" - A Mesa das Verbas (500 exemplares de 64 páxinas), con cargo á partida 926.2260201, coa seguinte desagregación:

- Deseño e maquetación. D. Carlos Crespo Gómez (Dito & Feito), por importe de 145,20 € (IVE incluído)

- Impresión: Artes Gráficas Anduriña SCG, por un importe total de 1.034,80 € (IVE incluído)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/1542**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais**, polo importe de 200.000,00€, correspondente á aportación do Concello para o sostemento dos gastos da Fundación do ano 2020, con cargo á partida 341.410.

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2020/3633**

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Asociación Alcoholicos Rehabilitados Arousa - AREVA, por importe de 1.500,00 €, para o desenvolvemento de actuacións dirixidas a situacións persoais de dependencia de alcohol e persoas en procesos de rehabilitación, incluíndo a súa contorna familiar a través de intervencións integrais durante o ano 2020, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

#### **PRP2020/3636**

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Acción contra el hambre, por importe de 17.000,00 €, para o desenvolvemento do Proxecto Vives Emprega durante o ano 2020, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio..

#### **PRP2020/3637**

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Fundación Asilo Hospitalillo Residencia Divina Pastora, por importe de 15.000,00 €, para o desenvolvemento de actuacións e actuacións no marco da atención de persoas maiores e/ou dependentes na Residencia - Fundación Asilo Hospitalillo durante o ano 2020, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

#### **PRP2020/3654**

Debido ao incremento e reforzo do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria como programa básico dentro dos Servizos Sociais, e de acordo coas directrices estatais e as necesidades detectadas

na intervención coa poboación maior que vive soa, e estimando un total de altas de 60 persoas /ano, susceptible de variar segundo necesidades, a Xunta de Goberno Local de data 28 de abril de 2020 acordou aprobar o gasto correspondente ao incremento e reforzo do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria que presta Cruz Vermella para o ano 2020, por un importe de 12.600 € (17,50 €/mes cada terminal), con cargo á partida 231.2269919.

A data 2 de outubro de 2020, visto o gasto executado e a previsión de altas no trimestre actual, a Xunta de Goberno Local acorda a modificación do contrato, pasando a ser seu importe de 600 €, procedendo á incorporación do crédito restante (12.000,00 €) á aplicación orzamentaria correspondente.

## **EMPREGO**

### **PRP2020/3560**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio de colaboración para a concesión dunha subvención, por importe total de 15.000,00 € con cargo á partida 4311.48002, á Asociación de Comerciantes Centro Comercial Aberto de Vilagarcía "Zona Aberta", para realización de accións de dinamización e promoción do comercio local durante o exercicio 2020.

### **PRP2020/3572**

En sesión de XGL de 10 de agosto de 2020 aprobáronse as bases da CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS CONCELLO DE VILAGARCIA 2020.

A convocatoria establece que as accións financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 241-470 "Fomento de empresas – subvencións para o fomento do emprego" do orzamento municipal vixente, cun importe total de 30.000 €, e que poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

No BOPPO nº 162, de 24 de agosto, saíu publicada a convocatoria, establecendo como prazo de presentación, dende o día seguinte á publicación ata o 30 de outubro de 2020.

A contía máxima a conceder ascende a 2.500 Euros.

A data de hoxe constan presentadas 18 solicitudes de axuda, polo que, tendo en conta que a convocatoria estará aberta ata o vindeiro día 30, estímase que a partida resultará insuficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos esixidos para ser beneficiario/as da subvención.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a ampliación da partida orzamentaria destinada á CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS CONCELLO DE VILAGARCIA 2020 en 12.000 €, polo que o importe total destinado ás axudas será de 42.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 241.470, coa conseguinte modificación das bases reguladoras.

### **PRP2020/3610**

Dase conta á XGL da seguinte incidencia no expediente de referencia. PROMECON/2020/000179 Que no curso da revisión da documentación xustificativa relativa ás axudas de reactivación económica, detectouse que o expediente PROMECON/2020/000179, figura duplicado por canto o interesado (AUTOESCUELA PINTOS S.L.) presentou dúas veces a solicitude, dando lugar á apertura de dous expedientes e emisión de dúas resolucións de concesión por contía de cincocentos euros cada unha.

Detectado o erro, dáse conta do mesmo ao departamento de tesourería aos efectos de verificar se foi efectuado aboamento algún á empresa por este concepto.

Informados polo departamento de tesourería que á data de hoxe non se procedeu ao aboamento de cantidade algunha ao interesado nos expedientes referidos, procedeuse á invalidación do expediente duplicado, polo que a Xunta de Goberno Local acorda:

- A anulación da orde de pagamento emitida no expediente PROMECON/2020/000179
- Que se proceda ao aboamento no expediente PROMECON/2020/000605 de axuda por contía de 500 Euros á AUTOESCUELA PINTOS S.L. B-36379808

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **MERCADOS**

#### **PRP2020/3658**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Dolores Calvo Salgueiro solicitando a baixa dos postos nº 9-10 Exteriores da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Xefe de mercados e de conformidade co establecido no Artigo 18 do Regulamento Municipal de Mercados en vigor, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa solicitada e proceder á baixa no Padrón de Mercados con efectos de 30 de setembro de 2020.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **TURISMO**

#### **PRP2020/3590**

A Xunta de Goberno Local de data 15/06/2020 acordou aceptar a sinatura dun convenio coa Consellería de Cultura e Turismo para o financiamento dun posto de informador turístico que prestara o seu servizo na Oficina Municipal de Turismo, no período do 15/06/2020 a 15/09/2020, por importe de 5.000 €.

A efectos de xustificación desa achega, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da conta conta xustificativa, facendo constar o seguinte:

#### **1º CUMPRIMENTO DA FINALIDADE DO CONVENIO**

O que se pretendía coa contratación dun técnico en turismo dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro era atender o incremento de visitantes e de demandantes de información na Oficina Municipal de Turismo, sita na Praza da Peixería.

A persoa seleccionada para este posto foi ÁNGELA MARÍA FERNÁNDEZ LOUREIRO e realizou as seguintes actividades:

- Satisfacer as necesidades de información de cidadáns, turistas e visitantes, de forma presencial, tamén a través de atención telefónica ou mesmo por correo electrónico na Oficina de Turismo.
- Resaltar a oferta de interese turístico local, co obxecto de poder proporcionar unha información detallada, útil e completa que satisfacera as demandas do usuario.
- Describir os puntos de interese en función dos seus valores artísticos, culturais, monumentais, ambientais, tradicionais, gastronómicos, etc.
- Relacionar os lugares de maior interese turístico da zona, especificando as súas peculiaridade e as formas de acceso aos mesmos.

- Relacionar as diferentes alternativas de actividades ao aire libre e de ocio existentes en cada momento.
- Atender as necesidades dos visitantes estranxeiros adaptándose ao seu idioma ou ben utilizando o Inglés.
- Elaborar, a partir da información obtida durante a actividade, estatísticas de visitantes, cos datos de procedencia, medio de desprazamento, duración da estancia, tipoloxía da consulta, etc.
- Xestionar a nivel interno a actividade da oficina: arquivo, catalogación e exposición de folletos e outro material de propaganda, solicitude de material informativo a distintas administración e entidades públicas e privadas, etc.
- Clasificación e ordenación do fondo documental.
- Aplicar os métodos de obtención, arquivo e disposición da información e clasificar as fontes de información e establecer mecanismos de fluxos de información áxiles e continuos.

Coa realización de todas estas tarefas por parte de Ángela María Fernández Loureiro, enténdese que a finalidade do convenio foi plenamente cumprida.

## 2º OS DISTINTOS CONCEPTOS E CONTÍAS CORRESPONDENTES AOS GASTOS TOTAIS SOPORTADOS POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

Son os seguintes, da traballadora Ángeles María Fernández Loureiro::

MES	TOTAL RETRIB	S.S. EMPRESA	COSTE
Xuño	907,90	337,82	1.245,72
Xullo	1.702,32	633,43	2.335,75
Agosto	1.702,32	633,43	2.335,75
Setembro	851,16	316,71	1.167,87
TOTAIS	5.163,70	1.921,39	7.085,09

## 3º OS INGRESOS OU SUBVENCIONS OBTIDOS PARA QUE FINANCIASEN A ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

Non se solicitaron nin obtiveron outras axudas ou subvencións para a esta actividade.

### PRP2020/3615

Asinouse o convenio entre a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da Axencia de Turismo de Galicia, ABANCA e o Concello de Vilagarcía de Arousa, para o financiamento das Festas de San Roque 2020, por estar declaradas de Interese Turístico Nacional.

A achega da Axencia de Turismo de Galicia será de 15.000 € e a de ABANCA, de 5.000 €.

O presuposto do convenio é o seguinte: ORZAMENTO DAS FESTAS

CONCEPTO	IMPORTE
Actuacións Musicais	30.000 €
Son e iluminación	14.000 €
Medidas anticovid	20.000 €
TOTAL	64.000 €

Para a xustificación, requírese, a aprobación pola Xunta de Goberno da seguinte memoria xustificativa das Festas de San Roque 2020:

1º Cumpríuse a finalidade da subvención xa que as festas de San Roque celebráronse tal e como estaba previstas e cumprindo o protocolo preciso pola situación do COVID-19.

2º Os distintos conceptos e contías das Festas de San Roque 2020 son:

DATA FACTURA	Nº FACT	DATA RECOÑ	IMPORTE	NIF	ACREEDOR	Texto Explicativo
20/08/2020	5858	10/08/2020	7.260,00	B-81983082	MORGAN BRITOS, S.L.	Actuación de Marwan

20/08/2020	1	21/08/2020	8.470,00	B-82605361	SPANISH BOMBS, S.L.	Actuación de Kiko Veneno
21/08/2020	1	24/08/2020	7.700,00	75913854-P	CARMEN BRISA FENOY NÚÑEZ	Actuación de Brisa Fenoy
19/08/2020	22	21/09/2020	6.050,00	B-94125846	GRUPADO 2015, S.L.	Actuación da Oca-Band
26/08/2020	F/2020/6051	14/10/2020	2.238,50	B-70328745	SEIS PES PRODUCCION CREATIVAS, S.L.	Actuación de A Banda da Loba
24/08/2020	F/2020/5960	14/10/2020	15.589,49	B-94119104	GLOBAL SETUP	Son e Iluminación
24/08/2020	F/2020/5935	01/09/2020	7.562,50	78791916B	BASADRE BARREIRO, DIEGO	Asistencia técnica en concertos
27/08/2020	F/2020/7244	14/10/2020	16.214,00	J94117678	REVENIDAS, S.C.	Ptocolo antiCOVID
TOTAL		71.084,49				

Dos 71.084,49 € aos que ascenden estas actuacións, 15.000 € foron financiados coa achega da Axencia de Turismo de Galicia e 5.000 € por ABANCA. Os restantes 51.084,49 € resultaron sufragados con fondos propios do presuposto 2020 do Concello de Vilagarcía de Arousa..

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a memoria xustificativa das Festas de San Roque 2020.

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### CONSUMO

#### PRP2020/3561

Dáse conta da reclamación formulada o día 25/06/2020 por Dona Cristina Ogando Barreiro, na que reclama os presuntos danos sufridos o día 07/03/2020, cando segundo a súa manifestación, circulando o vehículo matrícula 4121HGB pola Rúa Ramón Otero Pedrayo ao pasar por enriba duns socavóns que había na calzada.

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que indica:

Existe iluminación pública: Sí

Características da vía: Rúa asfaltada con beirarrúa na marxe esquerda en sentido ascendente de 5 m. de ancho de vial máis estacionamentos.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningunha dificultade de percepción

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal por entender que se o condutor adoptase a dilixencia que lle é esixible nun vehículo de motor (adaptando a súa conducción ás circunstancias do lugar) resultarlle perfectamente posible evitar os danos reclamados.

#### PRP2020/3562

Dáse conta da reclamación formulada o día 03/08/2020 por D. Antonio Alberto Hernández del Rosal en representación de EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS., na que reclama os presuntos danos sufridos o día 04/06/2020, cando segundo a súa manifestación, circulando o vehículo matrícula 8237KZS pola Rúa Valle Inclán, roza un pivote que se atopa na metade da calzada.

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que indica:

Existe iluminación pública: Sí

Características da vía: Vía con dous carrís en cada sentido. Os carrís en dirección Vilaxoán(pentecente á Autoridade Portuaria) ten uns pivotes que separan ditos carrís chegando a un paso de peóns.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningunha dificultade de percepción.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal xa que á vista da reclamación non se pode establecer un nexos de causalidade suficiente e adecuado entre os danos no vehículo do reclamante e un funcionamento anormal dun servizo público.

#### **PRP2020/3563**

Dáse conta da reclamación formulada o día 07/07/2020 por Dna. María Montserrat Marcos Cores e/n María Josefa Cores Jueguen, na que reclama os presuntos danos sufridos o día 25/06/2020, cando segundo a súa manifestación, cae debido ao mal estado da beirarrúa na Avda. de Vilanova.

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que se indica:

Informe sobre a deficiencia alegada: á altura do nº 34 existe unha bierrúa de 1,20m. de ancho con baldosas 33x33 cm e bordillo de formigón, na cal faltan 2 m. de bordilo e varias baldosas pegadas oa mesmo artopándose rotas. Unha vez realizadas as medicións, compróbase que queda libre de paso 0,90m.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningunha dificultade de percepción.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal xa que non se pode establecer un nexos de causalidade suficiente e adecuado entre a caída da reclamante e un funcionamento anormal dun servizo público.

#### **PRP2020/3589**

Dáse conta da reclamación formulada por Angeles Baloira Arosa, que solicita a reparación dos danos sufridos, cando segundo a súa manifestación, sofre a rotura do cristal da súa vivenda sita na rúa Vista Alegre nº10 1ºC, como consecuencia das labores de desbroce que se estaban efectuando na zona do Castriño.

Dáse conta de informe da encargada do Servizo de Xardíns, no que indica que efectivamente, feitas as comprobacións oportunas, por esas datas se realizaron traballos de limpeza e desbroce na zona polo que puidese ser que saltase algunha pedra e impactase no cristal da vivenda da reclamante.

A Xunta de Goberno Local visto o cita do informe acorda estimar a reclamación e o recoñecemento de obrigación a favor de Dona Ángeles Baloira Arosa, polo importe de 42,35€, con cargo á partida 929.22699.

#### **PRP2020/3607**

Dáse conta da reclamación formulada o día 30/07/2020 por D. Sergio Barreiro Bernárdez, na que reclama os presuntos danos sufridos o día 28/11/2019, cando segundo a súa manifestación, circulando o vehículo matrícula 7847LBP pola Rúa Porto da Torre ao pasar por enriba dun burato de grandes dimensións.

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que indica:

Existe iluminación pública: Sí

Características da vía: Vía interurbana de 4 m de ancho sen beirarrúas.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningunha dificultade de percepción

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non



queda acreditada a responsabilidade municipal por entender que se o condutor adoptase a dilixencia que lle é esixible nun vehículo de motor (adaptando a súa condución ás circunstancias do lugar) resultarlle perfectamente posible evitar os danos reclamados.

#### **PRP2020/3608**

Dáse conta da reclamación formulada o día 05/06/2020 por Dona Rosa Coello Varela, na que reclama os presuntos danos sufridos o día 02/06/2020, cando segundo a súa manifestación, cae ao meter un pé nun afundimento do asfalto na rúa Veiga do Mar.

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que indica:

Existe iluminación pública: Sí

Características da vía: Vía de dobre sentido de circulación e 2,90 m cada carril, con arcén de 1 m sen asfaltar.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningunha dificultade de percepción

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal xa que non se pode establecer un nexos de causalidade suficiente e adecuado entre a caída da reclamante e un funcionamento anormal dun servizo público.

#### **PRP2020/3609**

Dáse conta da reclamación formulada o día 19/06/2020 por Dona María Dolores Castiñeiras Ferreiros, na que reclama os presuntos danos sufridos o día 17/06/2020, cando segundo a súa manifestación, cae debido ao mal estado das baldosas no paseo da praia Compostela á altura do Balneario.

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que indica:

Existe iluminación pública: Sí

Características da vía: Paseo peonil da praia Concha-Compostela cun ancho de 10m en tramo de enlousado de pizarra.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningunha dificultade de percepción

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal xa que non se pode establecer un nexos de causalidade suficiente e adecuado entre a caída da reclamante e un funcionamento anormal dun servizo público.

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2020/3597**

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Cine Club Ádega, para a proxección de documental "S.A.D. Las hadas existen" dentro da campaña de sensibilización e información sobre O Valor dos Coidados, por un importe total de 250,00€ (exento iva), con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/3598**

Dáse conta do informe co visto e praxe da Secretaría Xeral da Igualdade, para contratación antes do 31 de outubro de 4 mulleres vitimas de violencia de xénero, sinalando dito informe que cumpren os requisitos para a contratación. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## CULTURA

### PRP2020/3661

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2020, de aprobación de gasto ao abeiro do convenio económico cultural asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación de mullres Rurais Anduriña de Sobradelo.

Onde dí:

COMPRA DE ORDENADOR E IMPRESORA	650,00€	SERVIZOS TÉCNCOS INTEGRADOS DEL NOROESTE S.L.	B-36296440	334.62600
---------------------------------	---------	---	------------	-----------

Debe dicir:

COMPRA DE PROXECTOR E PANTALLA	650,00€	SERVIZOS TÉCNCOS INTEGRADOS DEL NOROESTE S.L.	B-36296440	334.62600
--------------------------------	---------	---	------------	-----------

### PRP2020/3662

Vista a solicitude de Dona Begoña Mesejo Loureiro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias o día 15 de outubro de 2020, dende as 10:00 ás 15:00 horas, con motivo da realización dunhas probas de selección de persoal para a Autoridade Portuaria.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 28-12-2017) e que figura publicada na sede.vilagarcia.gal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas indicadas na Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, pola que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención (DOG nº115 de 13 de xuño de 2020) necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade(PUBLICADAS NO DOG Nº126 DE 27 DE XUÑO DE 2020).

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (limitado aforo por COVID-19 a 90 persoas).

Deberá asimesmo aplicarse a Orde da Consellería de Sanidade do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no Concello de Vilagarcía de Arousa.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

	DÍAS-HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE
Sala de Conferencias	5 horas	15,75€	78,75€

Deberán acreditar o pago das taxas para poder acceder ás instalacións.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

## CONTRATACIÓN

### PRP2020/3576

Dáse conta do expediente de contratación CT 13/2020-2 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria e mediante licitación electrónica, para adxudicar o "Reforma de Edificación para Albergue de Peregrinos-Carril", financiado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, con Cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan concellos) 2020, cun orzamento de licitación de 495.867,77€ (IVE incluído), e dos licitadores presentados e admitidos, seguintes:

- Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.
- Contratas Vilor, S.L.
- Esvedra obras y Reformas, S.L.U.
- Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.
- Obras Gallaecia, S.L.
- Obras y Servicios Gómez Crespo, S.L.

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	OFERTA ECONOMICA SEN IVE	MELLORA: INCREMENTO PRAZO MINIMO GARANTÍA	MELLORA: LUMINARIA	MELLORA: REGLETA ESTANCA	MELLORA. PROYECTOR SIM.	MELLORA: JARDINERA HORM.	MELLORA: PORTE VITIS VINIFERA
Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.	490.877,68 €	12 meses	SI	SI	SI	SI	NO
Contratas Vilor, S.L.	454.610,00 €	1 ano	SI	SI	SI	SI	SI
Esvedra Obras y Reformas, S.L.U.	463.190,09 €	1 ano	SI	SI	SI	SI	SI
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	431.404,96 €	1 ano	Si	Si	Si	Si	SI
Obras Gallaecia, S.L.	437.243,00 €	1 ano	Si	Si	Si	Si	SI
Obras y Servicios Gómez Crespo, S.L.	460.512,00 €	1 ano	Si	Si	Si	Si	SI

A mesa de contratación, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP, o resultado da valoración e o seguinte

LICITADOR	Puntuación oferta económica sen IVE	Puntuación mejora incremento prazo minimo garantía	Puntuación: mellora luminaria	Puntuación mellora regleta estanca	Puntuación mellora proyector sim.	Puntuación mellora xardineira horm.	Puntuación mellora porte vitis vinífera
Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.	2,32	35	9,5	4	15	6	0,00
Contratas Vilor, S.L.	19,2	35	9,5	4	15	6	0,5
Esvedra Obras y Reformas, S.L.U.	15,21	35	9,5	4	15	6	0,5
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	30	35	9,5	4	15	6	0,5
Obras Gallaecia, S.L.	27,28	35	9,5	4	15	6	0,5
Obras y Servicios Gómez Crespo, S.L.	16,45	35	9,5	4	15	6	0,5

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores:

Orden: 1 CIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.  
Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100.0

Total puntuación: 100.0

Orden: 2 CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 97.28

Total puntuación: 97.28

Orden: 3 CIF: B97400626 CONTRATAS VILOR, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 89.2

Total puntuación: 89.2

Orden: 4 CIF: B32021487 OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 86.45

Total puntuación: 86.45

Orden: 5 CIF: B33595513 ESVEDRA OBRAS Y REFORMAS S.L.U.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 85.21

Total puntuación: 85.21

Orden: 6 CIF: B94097268 ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 71.82

Total puntuación: 71.82

A Xunta de Goberno Local acorda:

a) Aprobar a Adxudicación do contrato de obras denominado "Reforma de edificación para albergue de peregrinos-Carril" CT 13/2020-e, con un presupuesto de licitación de 600.000,00€ (IVA incluído) á empresa con maior puntuación de acordo coa orden na que quedaron clasificadas as ofertas: CIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada y, por ende, con mellor relación calidade-precio, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación.

Precio ofertado: 431.404,96 € (IVA excluído) ó que lle corresponde un IVA (21%) de 90.595,04 €, o que totaliza un precio de adxudicación IVA incluído de 522.000,00€ FINANCIADO POR LA EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AL PLAN DE OBRAS Y SERVICIOS (PLAN CONCELLOS ) 2020 coas melloras incluídas na súa oferta:

Melloras ofertadas:

- Incremento do Prazo de Garantía: 1 ano
- Mellora da luminaria susp.led de la partida 14.01 del proxecto técnico da obra.
- Mellora da regleta estanca industrial c/REFL. 1x18W led que figura na partida 14.03 do proxecto técnico da obra.
- Mellora do proyector SIM. LED 30W que figura na partida 14.04 do proxecto técnico da obra.
- Mellora da xardiñeira Horm. PREF. 100x40x40C que figura na partida 19.14 do proxecto técnico da obra.
- Mellora porte Vitis Vinífera 1.5-1.8 CONT. Que figura na partida 19.15 do proxecto técnico da obra.

### PRP2020/3581

Dáse conta das alegacións formuladas por PIROTECNIA PENIDE, S.L. ó acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/08/2020, polo que se inicia o expediente de resolución do contrato de PRESTACIÓN DE SERVIZOS PIROTÉCNICOS PARA AS FESTAS DE SAN ROQUE 2020, solicitando que se lle aboem os gastos do espectáculo orixinados antes da comunicación da suspensión do mesmo o 17/08/2020. O importe de ditos gastos ascende a 4.046,97 € (achega xustificantes) e corresponden ós seguintes conceptos:

- deseño, programación e mecanizado do espectáculo
- plan de seguridade e plan de emerxencia
- seguro de RC do organizador e de xestión
- gastos de formalización do aval bancario
- taxa de espectáculo da Subdelegación do Goberno.

A Xunta de Goberno Local acorda estimar as alegacións formuladas polo contratista (Pirotécnica Penide, S.L.) e resolver de mutuo acordo o contrato, de prestación de sevizos pirotécnicos para as festas de San Roque 2020 . Faiselle saber ao contratista que para o abono dos gastos do espectáculo pirotécnico San Roque 2020 orixinados antes da comunicación de suspensión do mesmo, deberá presentar a factura dos citados gastos pola plataforma FACE.

Acórdase así mesmo a devolución do aval bancario depositado en concepto de garantía definitiva do contrato.

### PRP2020/3663

